

Entidade de contratación:	Entidad Pública Empresarial Portos de Galicia			<b>TD08-014</b>
Órgano de contratación:	Órgano de contratación Entidad Pública Empresarial Portos de Galicia			PLT30110PPC-XEXE0101
Denominación do expediente:	Concurso aberto de ideas para a remodelación dos terreos que ocupa o porto de Portonovo e a súa contorna no Concello de Sanxenxo (provincia de Pontevedra)			
Ref. Expediente:	PRG-2021-0243	Harmonizado:	Non	Lotes: Non
Procedemento:	Concurso de Proxectos	Tipo contrato:	Servizos	Prórroga: Non
Tipo tramitación:	Ordinaria	Criterios:	Pluralidade de Criterios	Plurianual: Non
CPV:	71.240000-2 Servizos de arquitectura, enxeñería e planificación.			
Orzamento base de licitación:	48.400,00 €	Valor estimado:	40.000,00 €	Prazo: 12 mes/es 4,5 M PARA RESOLUC DO CONCURSO

### RESOLUCIÓN DE PUBLICACIÓN DA LICITACIÓN NO PCPG

En relación co expediente de contratación que se referencia e de acordo coa seguinte normativa:

Normativa	Disposicións
Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.	Artigos 116, 117, 122 e 124.
Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.	Artigo 73.

A Presidenta da entidade pública empresarial Portos de Galicia, en cumprimento do disposto no artigo 135.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e en virtude das facultades conferidas polo artigo 12.3.g) da Lei 6/2017, de Portos de Galicia,

#### RESOLVE

Publicar o anuncio da licitación do "CONCURSO ABERTO DE IDEAS PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA)", non suxeito a regulación harmonizada, na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, nos seguintes termos:

**1. Entidade adxudicadora:**

- Organismo: O presente concurso está convocado conxuntamente pola entidade pública empresarial Portos de Galicia e polo Concello de Sanxenxo, actuando ambos en colaboración co Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos de Galicia, a través das súas oficinas de concursos, segundo o convenio asinado entre todos eles con data 19 de Abril de 2021.
- Dependencia que tramita o expediente: A secretaria do concurso osténtaa a Entidade Pública Empresarial Portos de Galicia, a través da súa Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica
- Obtención de documentación e información:
  - Dependencia: Secretaría do Xurado, exercida pola Secretaría Xeral-Asesoría Xurídica de Portos de Galicia
  - Domicilio: Praza de Europa, 5-A, 6º
  - Localidade e código postal: Santiago de Compostela, 15707
  - Teléfono: 981545330
  - Correo Electrónico: [asesoriajuridica@portosdeg Galicia.com](mailto:asesoriajuridica@portosdeg Galicia.com)
  - Dirección de Internet do perfil do contratante:

<https://www.contratosdeg Galicia.gal/consultaOrganismo.jsp?lang=gl&ID=800&N=34&OR=34&SORT=2&ORDER=2>



Código de verificación : PL.Tc82043efad6ea22

7. Data límite de obtención de documentación e información: estarase ao disposto na cláusula 6 do Prego de Bases Administrativas e Técnicas que rexerán na convocatoria do concurso aberto de ideas para a Remodelación dos terreos que ocupa o porto de Portonovo e a súa contorna no Concello de Sanxenxo (provincia de Pontevedra), (***en adiante, Prego de Bases***)

2 Obxecto do contrato

a. Clave do expediente: PRG-2021-0243

b. Tipo de contrato: servizos

c. Descrición do obxecto: Concurso aberto de ideas para a remodelación dos terreos que ocupa o porto de Portonovo e a súa contorna no Concello de Sanxenxo (provincia de Pontevedra)

d. División en lotes e número: Non

e. Código CPV (Referencia de Nomenclatura): 71240000-2 "*Servizos de arquitectura, ingeniería y planificación*"

f. Código NUTS: ES114 Pontevedra

g. Revisión de prezos: Non procede.

j. O contrato refírese a un proxecto ou programa financiado con fondos da Unión Europea: non.

k. Contrato suxeito a regulación harmonizada: non.

3 Tramitación do expediente e procedemento de adxudicación do contrato.

a. Modalidade de tramitación do expediente: ordinaria e **ANTICIPADA DE GASTO**

b. Procedemento de adxudicación: **concurso aberto de proxectos**, conforme ao disposto nos artigos 183 a 187 da LCSP, no que se contempla un sistema de premios, conforme ao previsto na cláusula 14 do Prego de Bases.

c. Sistema de valoración de ofertas: **sistema multicriterio**, no que se aplicarán os criterios de valoración previstos na cláusula 13 do Prego de Bases.

4 Valor estimado do contrato:: 40.000,00 euros

5 Presuposto base de licitación.

-Importe, sen IVE: 40.000,00 euros. Importe, con IVE: 48.400,00 euros.

6. Garantías esixidas.

a) Garantía provisional: non se esixe.

b) Garantía definitiva: non se esixe

7. Requisitos específicos do contratista:

a) Clasificación obrigatoria: non procede.

b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: os licitadores interesados en presentar oferta no presente procedemento estarán obrigados a acreditar a súa solvencia económica e técnica conforme ao disposto na cláusula 5 do Prego de Bases.

c) Compromiso de adscrición ao concurso de medios mínimos: de acordo co disposto na cláusula 5 do Prego de Bases, **en todos os equipos multidisciplinares con profesionais con competencias na materia (arquitectos e enxeñeiros de camiños canles e portos)**, de ordenación, construción e deseño portuario, de ordenación urbanística, ambiental, e no deseño de edificacións segundo establece a Lei 38/1999 de ordenación da edificación que formen equipos baixo a dirección destes, **deberá de haber, como mínimo, un Arquitecto e un Enxeñeiro de Camiños.**

8 Presentación de ofertas.

a. Data e hora límite de presentación: O prazo de presentación de ofertas rematará **ás trece (13:00) horas do septuaxésimo quinto (75º) día natural seguinte ao da publicación deste anuncio no Perfil de contratante.** No caso de que ese día coincida en sábado ou festivo, o prazo de admisión das proposicións rematará ás catorce (14:00) horas do primeiro día hábil seguinte.



Código de verificación : PL.Tc82043efad6ea22

b. Modalidade de presentación de ofertas: segundo o indicado na **cláusula 4 do Prego de Bases, as propostas do concurso entregaranse fisicamente**, de conformidade coa Disposición adicional 15.3.c) e d) da LCSP, dado que actualmente aínda non está adaptada a web de contratación do Estado nin a da Xunta para que, mediante procedemento electrónico, se posibilite gardar o anonimato dos concursantes. Por tanto, a licitación do procedemento, será en soporte papel.

c. **Anonimato das propostas:** os traballos presentaranse baixo LEMA, que deberá figurar en todos os documentos de maneira que estes se manteñan anónimos ata que se produza a adxudicación dos premios.

Enténdese por proxectos presentados de forma anónima aqueles nos que non só non figure o nome do autor, senón que ademais non conteñan datos ou indicios de calquera tipo que permitan coñecer indirectamente a identidade do autor ou autores do proxecto. Si da documentación presentada dedúcense datos ou indicios que permitan coñecer indirectamente a identidade do autor, será causa de exclusión.

Respecto do anonimato das propostas, estarase ao disposto na cláusula 10 do Prego de Bases.

d. Lugar de presentación de ofertas: **A presentación de proposicións será presencial nos rexistros administrativos do Concello de Sanxenxo.**

- Enderezo: rúa Madrid nº 1, 36.960, Sanxenxo (Pontevedra)
- Teléfono: +34 986 720 075
- Fax: +34 986 721 000
- Sitio web oficial do concello: <https://www.sanxenxo.es/index.php/é/>

**Asimesmo, poderán presentarse as proposicións por correo postal e por mensaxería**, nos termos previstos na cláusula 8 do Prego de Bases.

e. Documentación a presentar: conforme ao disposto na cláusula 7 do Prego de Bases, os traballos presentaranse baixo LEMA.

As proposicións presentaranse nun sobre ou paquete pechado no que se consignará no seu exterior o seguinte título "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO NO CONCELLO DE SANXENXO", identificando no seu exterior exclusivamente a LEMA elixido polos concursantes para preservar o anonimato.

O sobre ou paquete presentarase en embalaxe opaca e pechada, e conterá DOUS SOBRES PECHADOS, coa lema elixido polo concursante escrito no exterior de cada un deles e co seguinte contido :

-“SOBRE 1- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA. "CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA) , E A LEMA“.

-“SOBRE 2- PANEIS“." CONCURSO ABERTO PARA A REMODELACIÓN DOS TERREOS QUE OCUPA O PORTO DE PORTONOVO E A SÚA CONTORNA NO CONCELLO DE SANXENXO (PROVINCIA DE PONTEVEDRA), E A LEMA.

O contido de cada un destes dous sobres (1 e 2) será o indicado na cláusula 7 do Prego de Bases.

f. **Limitación do número** de participantes no concurso de proxectos: non se aplica.



Código de verificación : PL.Tc82043effad6ea22

Sen embargo, no presente concurso de proxectos rexerá a limitación establecida na cláusula 5 do Prego de Bases, segundo a que cada participante só poderá formar parte dun único equipo, ben sexa como titular ou como colaborador, e só poderá presentar unha única proposta para cada praza, sendo o incumprimento deste punto motivo de descalificación de todas as propostas nas que participe.

**9 Apertura de propostas.**

De acordo co disposto na cláusula 9 do Prego de Bases, tras a recepción das propostas, o xurado reunirse, presencial ou telemáticamente, as veces que considere necesarias para seleccionar aos finalistas de entre os que decidirá o gañador e demais premios establecidos na cláusula 14 do Prego de Bases.

O xurado poderá conceder mencións sen custo económico.

O xurado anunciará a asignación motivada de premios dos finalistas, en data a determinar e que se fará pública no Perfil de Contratante.

A resolución do concurso publicarase no Perfil do contratante en aplicación do artigo 154 da LCSP ao que expresamente se remite o artigo 186.3 da LCSP. Os documentos gráficos explicativos das propostas gañadoras serán difundidos vía web, podendo ser manipulados pola Secretaría do concurso exclusivamente con vistas á redución do seu tamaño para unha mellor exposición e acceso vía Internet.

**A identidade dos autores das propostas premiadas farase pública coa apertura do sobre nº 1 que se celebrará nun acto público**, publicándose o lugar, data e hora de celebración do referido acto no Perfil de Contratante, coa debida antelación, para coñecemento xeral de todos os interesados.

**10 Intervención e composición do Xurado:** conforme ao disposto na cláusula 11 do Prego de Bases, por tratarse dun concurso de proxectos, non haberá intervención da Mesa de Contratación. Todas aquelas actividades de carácter material ou técnico, administrativas ou doutra índole, non atribuídas especificamente ao xurado, serán realizadas polos servizos municipais correspondentes, sendo responsabilidade da Presidencia da EPE Portos de Galicia e da Alcaldía do Concello de Sanxenxo, ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre as concretas actividades de carácter material, administrativo ou técnico

O artigo 187 da LCSP, esixe que un mínimo de dous terzos dos compoñentes do xurado que resolverá o concurso posúa a cualificación profesional específica esixida aos participantes do concurso.

O xurado decidirá, de forma vinculante para o concello sobre a proposta gañadora (art. 187 Lei 9/2017), e valorará as propostas tendo en conta a calidade das mesmas, e os seus valores técnicos, funcionais, arquitectónicos, urbanísticos, paisaxísticos, culturais e ambientais conforme aos criterios fixados na base 13 do presente prego. (Art. 184.3 Lei 9/2017).

Respecto da súa composición, rexerá o disposto na cláusula 11 do Prego de Bases.

**11 Sistema de premios aos concursantes:** Aplicarase o disposto na cláusula 14 do Prego de Bases.

**12 Recursos:** Os actos que se diten no procedemento de adjudicación poderán ser obxecto de recurso, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

<u>Denominación</u>	Recurso de reposición.
<u>Disposicións normativas</u>	Artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento



Código de verificación : PL.Tc82043feffad6ea22

	administrativo común das administracións públicas.
<u>Órgano competente</u>	Órgano de contratación.
<u>Prazo</u>	1 mes, a contar, a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación do acto impugnado.
<u>Denominación</u>	Recurso contencioso-administrativo.
<u>Disposicións normativas</u>	Artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.
<u>Órgano competente</u>	Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.
<u>Prazo</u>	2 meses, a contar, a partir do seguinte a aquel no que se remita a notificación ou publicación do acto impugnado.

- 13 Gastos de publicidade: a publicación deste anuncio non xera ningún gasto por este concepto.



Código de verificación : PL.Tc82043efad6ea22